

Acta da Comisión Permanente do día 15 de outubro de 2021

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 15/10/2021
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 15/10/2021
- III. Recoñecementos de materias/créditos
- IV. Actividades extraacadémicas e de difusión cultural para o curso 2021-2022

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 10:00 horas na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 30 de setembro de 2021.

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, a acta da sesión anterior.

2. Aprobación, se procede, de recoñecemento/validación/adaptación de materias/créditos.

A Presidenta indica que se achegaron varias solicitudes de recoñecemento de materias (información no Anexo III). Sinala que todos son casos claros excepto as solicitudes de tres materias.

Unha delas refírese ao recoñecemento dunha materia a partir dun ciclo formativo non recollido na listaxe de materias recoñecidas para ciclos formativos de FP (listaxe aprobada pola Escola e que non recolle a valoración de todos os ciclos formativos de FP, senón os que teñen máis relación coas titulacións de grao do centro). A Presidenta aclara que revisou o correspondente plan de estudos e sinala que si se podería valorar o recoñecemento dalgunha das materias do grao.

Mayka Romo sinala que administrativamente semella que non se podería tramitar o recoñecemento porque non está incluído no catálogo oficial de recoñecementos da Xunta para este curso, pero vaise analizar con detalle. Outra posibilidade sería trasladarlle o caso ao profesor da materia e proporlle que a avalíe coa nota que ten na materia do ciclo (ou a que considere).

En paralelo propónse enviar un escrito á Xunta trasladando a problemática do procedemento actual, dado que é imposible elaborar as táboas de recoñecemento avaliando todas as titulacións de ciclos formativos de FP e non hai un procedemento que permita avaliar situacións excepcionais.

Outra solicitude inclúe, ademais de moitas materias (da EEI) que son claras, o recoñecemento das materias Álgebra (6 ECTS) e Estatística (6 ECTS) pola materia cursada Álgebra e Estatística (9 ECTS). Propónse consultar o histórico e facer o mesmo

aínda que, como a materia de Estatística do plan actual é diferente á do plan en extinción, decídese consultar ao profesorado cal é a súa opinión.

Propónse delegar na Directora a decisión final sobre estas solicitudes.

Apróbanse por asentimento as propostas efectuadas en relación ás solicitudes de recoñecemento de créditos achegadas.

3. Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de ampliación de matrícula, solicitudes de matrícula a tempo parcial, etc.

Non hai.

4. Aprobación, se procede, do calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudo para o primeiro cuadrimestre do curso académico 2021/2022.

A Presidenta comenta as solicitudes achegadas e unha modificación dunha delas porque non foi posible acordar coa empresa unha data próxima á recollida na solicitude inicial. Tamén sinala que aínda non se recuperou o número de saídas previo a pandemia pero vai mellorando.

N.	Materia	Titulación	Destino	Nº previsto de alumnos	Data prevista da viaxe
1	Explotación sostible de recursos mineiros I / Xestión integral de industrias mineiras	Grao ERME + Máster en Enxeñaría de Minas	Vedra (A Coruña)	12	15/10/2021
2	Explotación sostible de recursos mineiros I / Xestión integral de industrias mineiras	Grao ERME + Máster en Enxeñaría de Minas	O Porriño (Pontevedra)	12	19/10/2021
3	Tecnoloxía eléctrica	Grao ERME + Grao EE	Os Peares (Ourense)	47	03/11/2021
4	Concentración de menas / Mineralurxia / Concentración de minerais / Explotación sostible de recursos mineiros	Grao ERME + Máster en Enxeñaría de Minas	Salvaterra de Miño (Pontevedra)	11	23/11/2021
5	Explotación sostible de recursos mineiros I / Explotación sostible de recursos mineiros	Grao ERME + Máster en Enxeñaría de Minas	Rubián (Lugo)	15	29/11/2021
6	Concentración de menas / Mineralurxia / Concentración de minerais / Explotación sostible de recursos mineiros	Grao ERME + Máster en Enxeñaría de Minas	Baíñas – Vimianzo (A Coruña)	11	30/11/2021
7	Tecnoloxía electrónica	Grao EE	Vigo (Pontevedra)	--	-----
8	Voaduras	Grao ERME + Máster en Enxeñaría de Minas	Couso – Cans (Pontevedra)	20	-----

Apróbase por asentimento o calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudos para o primeiro cuadrimestre do curso académico 2021/2022.

5. Aprobación, se procede, das actividades extraacadémicas e de difusión cultural “Celebración Santa Bárbara 2021”.

A Presidenta comenta que anualmente a Vicerreitoría convoca estas axudas e que no centro sempre se conta coa Delegación de Alumnado para facer a solicitude. Avisa e comenta a proposta preliminar de actividades recollidas na solicitude (Anexo IV) e a súa valoración orzamentaria. Aclara que, na medida do posible, xa se pode ir normalizando a realización de todo tipo de actividades.

Alejandro Casal agradece a participación do profesorado que propuxo charlas e sinala que no segundo cuadrimestre se fará outro bloque de conferencias.

Apróbase por asentimento a proposta de actividades extraacadémicas e de difusión cultural a realizar este ano con motivo da celebración da patroa do centro e a presentación da solicitude de financiamento á convocatoria de axudas para organizar actividades extraacadémicas e de difusión cultural da Universidade de Vigo para o ano 2022.

6. Rogos e preguntas.

Non hai.

A Presidenta indica que a intención da dirección é ir retomando, na medida do posible, as sesións presenciais.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10 horas e 34 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a quince de outubro de dous mil vinte e un.

Vº e Prace
A Directora

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 15/10/2021



ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 15/10/2021

Asistentes á Comisión Permanente do 15 de outubro de 2021
Presidenta da Comisión
Elena Alonso Prieto
Secretario da Comisión
Guillermo García Lomba
Subdirector/a
María Araújo Fernández
Profesorado
Pablo Eguía Oller
Fernando García Bastante
M ^a del Carmen Pérez Pérez
Teresa Rivas Brea
Estudantes
Marta Caride Pérez
Alejandro Casal Barreiro
Santiago Domínguez Blanco
Belén Parente Artime
PAS
M ^a Carmen Romo Pérez



ANEXO III

Recoñecementos de materias/créditos

ANEXO IV

Actividades extraacadémicas e de difusión cultural para o curso 2021-2022